

## ESCOLA E EDUCACIÓN. SONDEO PAIS/NAIS 1º A.

Por favor, marca segundo o código:

1 se estás moi dacordo, 2 se estás medianamente dacordo, 3 se estás en desacordo.

ITEMS	1	2	3
1. A escola debe preocuparse únicamente por contidos académicos, e prescindir da educación emocional e/ou en valores.			
2. O profesorado debe reflexionar sobre as prácticas educativas levadas a cabo na aula cos nosos fill@s, e melloralas a partir dos erros.			
3. A escola debe utilizar as mesmas metodoloxías de sempre para ensinar o curriculum académico de cada nivel.			
4. É posible aprender moitos contidos do nivel a través de LÓVA, explorando outras formas de facer as cousas.			
5. Os contidos académicos deben ser traballados únicamente con fichas tradicionais e libros de texto.			
6. Traballar o proxecto LÓVA na escola aportará beneficios ao desenvolvemento personal dos nosos fill@s.			
7. Non é necesario que cada día os pais e nais adiquemos un tempo a falar e compartir cousas cos nosos fill@s respectando a súa personalidade e os seus gustos.			
8. A escola debe fomentar a creatividade a través das diferentes manifestacións artísticas: debuxo, pintura, escritura, música, interpretación...			
9. As aulas, igual que a vida, son diversas: non hai dous nen@s iguais. Non teñen tod@s as mesmas necesidades.			
10. Considero que LÓVA é un proxecto integral centrado no alumnado, que lle permite tomar decisións e contactar con valores humanos e artísticos			
11. Os nen@s reproducen as condutas que ven nos maiores. Por iso, pais, nais e profesorado debemos ser bos exemplos e modelos para eles.			
12. O profesorado debe respectar a todo o alumnado por igual, entender o seu comportamento, e buscar formas de modificar as condutas negativas.			
13. Para educar é necesario impoñerse aos nen@s, por sistema. É a única forma de recoñecer a autoridade.			

14. Como pais e nais, é correcto xulgar publicamente as conductas negativas doutros nen@s, e apartar aos nosos fill@s deles.			
15. É convinte recordarlles aos nosos fill@s ou alumn@s "quen manda", e sometelos a unha "loita" de poder".			
16. É desexable reflexionar con certa frecuencia sobre como educamos aos nosos fill@s, ou alumn@s, e buscar fórmulas que funcionen.			
17. A sobreprotección aos nosos fill@s dificulta o seu proceso evolutivo, e pode crear "pequenos dictadores".			
18. Debemos esforzarnos en contaxiar nos nenos as ganas de facer cousas que lles permitan experimentar e sentirse ben.			
19. Debemos esforzarnos en acadar un ton de voz pausado e afectuoso cando nos diriximos aos nen@s, tanto profesorado como pais e nais.			
20. Non debemos contradecir aos nenos para que non se frustren.			

#### OBSERVACIÓNS.-

